

V 77

Eles:

“Vinde a parrafear, nenas,
que os mozos veñen chegando
veñen de América ricos
pra casarse de contado.”

Elas:

“Que é o que che pasa, galán,
que hoxe non me conoces,
pois paso polo teu lado,
nin me falas nin respondes?”

- Esta é rache das fías.

Eles:

“Que me ha de pasar, meiga!
Por qué te pintache o pelo?
se antes eras mui fea,
ahora parécelo demo”

Elas:

“Pois non me ensultes, canalla,
que esto hoxe anda de moda,
a moza que non se pinta
non sabe que é cousa boa.”

Eles:

“Pois pra casarte comigo
tes que deixar de pintarte,
que parece unha mona
desas dos escaparates.”

Elas:

“Xa que tanto me reprendes,
rapaz, terei que deixarte,
cuando agora fas eso,
que fará desque me case?”

Eles:

“A que se case comigo
tenche de andar moi dereita,
porque eu, se sei que dobla,
heille dar untura fresca.”

Elas:

“Así fan todos os homes
cuando andan parrafeando,

todos parecen santiños,
logo, despois son deablos.”

Eles:

“Eso farano algúns
porque hai mulleres tan malas:
ó home danlle o caldiño
i elas comen as talladas.”

Elas:

“Pos eu en paus non che darei,
eso non che día cuidado
o que nunca che ha faltar
seranche bicos i abrazos.”

Eles:

“Todo eso vai mui ben,
solo que faltan os cartos,
que estamos en tempos pobres
e non temos pra tabaco.”